


Guía comentario Aristóteles

Historia da Filosofia.

Criterios PAU 2026



Parámetros xerais de corrección e cualificación da Pregunta 1 (válido para 1.1 ou 1.2)	Total 4 puntos
<i>Adecuación</i> ao solicitado no enunciado: - Contextualización filosófica - Exposición do tema central - Indicación de ideas principais (articulación organizada de ideas e argumentos): <i>Cohesión e coherencia</i>. - Selección, explicación e articulación de conceptos claves	Máx. 0,5 pts Máx. 0,25 pts. Máx. 1 pts. Máx. 1,5 pts.
<i>Crítica</i> (alusión crítica dende outros filósofos/as e/ou valoración persoal)	Máx. 0,5 pts.
- <i>Corrección</i> gramatical e léxica (claridade)	Máx. 0,25 pts.

Guía comentario..

Pasos aconsellables

1. Contexto filosófico
2. Expón o tema principal e as ideas principais que contén.
3. Desenvolve o tema principal a través dos conceptos clave
 - Relaciona con outros conceptos (si é pertinente). A relación non pode exceder ao tema principal.
 - Relaciona con outros autores (*ídem*). Valoración persoal (non aconsellable)
4. Conclusión? → Sí, pero non resumo

Guía comentario. Repaso do de Platón.

- Lembra **que as ramas (relacións) non deben ser máis grosas ca o tronco (tema central)**. Non ten sentido que, nun texto como o símil da liña (ontoloxía - epistemoloxía) adiques máis espazo a política ou a antropoloxía. Teñen relación? Sí, pero non son as ideas centrais, polo que o seu desenvolvemento debe ser menor.
- As **relacións deben ser naturais e non forzadas**. Por exemplo: “Platón falaba do mundo das ideas o cal se relaciona moi ben coa política”. Isto é unha relación moi forzada. Hai camiños lóxicos para chegar a política (a antropoloxía a través da alma e a epistemoloxía a través da relación co mito da caverna → necesidade de coñecemento, etc.) que nos leva a educación, función clave do estado platónico.
- **O mesmo para as críticas de autores**. Se o texto é sobre ontoloxía platónica, a crítica inmanentista de Aristóteles está máis que xustificada, a de Marx non.
- **Conclusión $\neq$ Resumo**. Unha conclusión non é contar o mesmo outra vez de xeito máis resumido, si non extraer as ideas principais, analizalas e chegar a una conclusión sobre as mesmas.

Contexto filosófico de Platón

Moitos esqueceste o **evento clave: A Guerra do Peloponeso** (e a derrota de Atenas) e uns personaxes clave: os sofistas

Guerra do Peloponeso e derrota de Atenas



Imposición dun goberno títere (Os 30 tiranos)



Se restaura a Democracia



A democracia condena a Sócrates



Platón entende que a democracia é un sistema de goberno inxusto



Platón entende que a Tiranía é un sistema de goberno inxusto



Quenes prosperan na democracia?
Os sofistas (relativismo e escepticismo)



Oposición de Sócrates:
Universalismo, innatismo e intelectualismo ético




Teoría das Ideas (Platón)



Ética Antirelativista de Aristóteles

Sin os sofistas non habería teoría das ideas nin a ética antirelativista de Aristóteles. Son personaxes fundamentais.



Guía comentario Aristóteles e dúbidas

- Lembra un comentario non é un resumo, nin un resumo comentado de cada parágrafo.
- Tes que:
 - Ler o texto (as veces que precises)
 - Extraer o contido filosófico e estruturalo en:
 - Tema principal → Ideas principais
 - Conceptos clave

Desenvolves o comentario

Resumo / Resumo comentado (DOXA!!!)

“Primeiro Platón fala da división da realidade en dous mundos [...] Despois nos fala da dialéctica e o mundo intelixible para continuar con ...”



Comentario (EPISTEME)



“O tema principal é o símil da liña, mediante o que Platón expón o seu dualismo ontolóxico (dous mundos) e epistemolóxico (dous coñecementos)...”



Contexto filosófico de Aristóteles

A nivel histórico, hai que destacar as **conquistas macedonias** inicialmente de **Filipo II de Macedonia** e, máis tarde, o seu fillo **Alexandre**.

- Coas conquistas macedonias **comeza** a **desaparición das polis** como cidades - estado **autónomas** para **integrarse no imperio**.
- Isto vai provocar que moitos pensadores comecen a desviar a súa **atención hacia a ética** (ben individual) en lugar da política (ben común da *polis*) como pasará posteriormente co estoicismo e o epicureísmo (que non afectan a Aristóteles, cando aparecen Aristóteles está morto).
- Non obstante, **Aristóteles non vai a abandonar a idea da política** como **disciplina suprema da filosofía práctica**, do ser humano como **animal político**, nin da *polis* única forma de organización coa que **acadar a felicidade**.



Contexto filosófico de Aristóteles

- A **morte de Alexandre** (323 a.C.) é o **comezo do helenismo** e dos problemas para Aristóteles, xa que debido ao sentimento anti-macedonio, e para evitar a pena de morte, fuxirá a terra natal da súa nai: Calcis.



Contexto filosófico de Aristóteles

- A **nivel sociopolítico**: Os macedonios eran considerados “semi-bárbaros”, polo que **Aristóteles en Atenas** foi considerado un **meteco** (extranxeiro) e **nunca obtivo a cidadanía** (unha das razóns aportadas por algún estudoso para explicar por que non herdou a dirección da academia de Platón). Ao ser un meteco **non puido participar na vida pública (política)**, polo que adoitou un papel de **observador** como se amosa na **Política** na que fai unha **análise sistemática** dos diferentes gobernos nas *polis* gregas intentando atopar o mellor de entre todas elas.


Contexto filosófico de Aristóteles

- A **nivel formativo inicial**:
 - A súa familia estaba ligada a **medicina** polo que tivo unha **gran influencia das ciencias empíricas** na súa formación inicial que marcará profundamente a súa **filosofía futura**.
 - Esta vocación empírica non a abandonará nunca e a continuará cando funde a súa propia escola: **O Liceo**. Os estudantes serán coñecidos como os **peripatéticos** pola súa costume de debatir e ensinar mentres caminaban.



Contexto filosófico de Aristóteles

- Os presocráticos son fundamentais no pensamento aristotélico:
 - O **arché** (causa / principio fundamental do universo): Aristóteles criticará aos presocráticos pola importancia que lle concederon ao que el chama **causa material**, ao que o estaxirita (de Estaxira, Macedonia) responderá que a **máis importante é a causa final**. Aristóteles rexeita ademais a idea da eternidade do ser de Parménides.
 - A **causa eficiente**. Algúns estudosos consideran que *nous* de Anaxágoras ou o amor/odio de Empédocles como axentes que provocan a acción se identifica coa *causa eficiente* aristotélica.
 - O **problema da physis** (movemento e multiplicidade). Aristóteles abordará o mesmo problema na súa física e metafísica, desenvolvendo a teoría hilemórfica, conceptos como potencia e acto.



Parménides de Elea

Contexto filosófico de Aristóteles


Sócrates e os sofistas: Aristóteles non vai coñecer nin a Sócrates, nin aos chamados grandes sofistas (Gorxias, Protágoras, etc.) por razóns de idade.

Sin embargo, sí vai coñecer as ideas de Sócrates (a través do seu mestre Platón) e dos sofistas. O **relativismo ético sofista vai ser contestado cun intelectualismo ético**


2.0 superior ao de Sócrates. Para Sócrates, o que coñece o ben non pode obrar mal.

Para **Aristóteles a virtude (*areté*) é o resultado de actuar correctamente de xeito habitual** (*ethos* = costume, hábito). Para poder actuar correctamente debemos

escoller voluntaria e racionalmente o termo medio entre dous extremos viciosos. É dicir, non basta con coñecer o ben, senón que, ademáis, hai que escollelo.



Sócrates




Protágoras

Contexto filosófico de Aristóteles

• Platón


- É a **máxima influencia** de Aristóteles. Vai ser o seu alumno durante 20 anos (367 - 347 a.C.) na súa Academia. Aristóteles foi **influenciado polos problemas expostos por Platón** (a existencia das ideas separadas, a teoría da reminiscencia e a preexistencia da alma, etc.) aínda que non o seu interese polas matemáticas.
- Cando **morre Platón no ano 347 a.C.** sae de Atenas e **comeza a separación filosófica do seu mestre destacando a negación da existencia das ideas separadas** e en xeral comeza a elaboración do **seu propio sistema** filosófico que en gran medida será unha oposición ao do seu mestre aínda que conservará importantes adherencias platónicas.




Platón

Críticas doutros autores

- **Política:** O *zoon politikon* (animal político). Os **contractualistas** como Hobbes, Locke o Rousseau criticarán a idea da sociabilidade natural de Aristóteles, defendendo que a sociedade é o resultado dun “contrato” no que o cidadán cede parte das súas liberdades na sociedade a cambio de, sobre todo, seguridade.
- **Ética:**
 - Os **estoicos e epicúreos** -supostamente (xa que moitas das súas obras fundacionais perdéronse polo que os testemuños son a través doutros autores posteriores)- criticaron a **complexidade** e a **dependencia de axentes externos** (riqueza, saúde, estatus social).
 - **Nietzsche** criticará duramente **a razón como guía da ética** en obras como a *Xenealoxía da moral*.
- **Física e Metafísica:** O filósofo francés **René Descartes** rexeitará o hilemorfismo aristotélico e as “formas substanciais” (esencias = *eidos*). Para Descartes, a materia só posúe unha substancia = **extensión** (*res extensa*).



Nietzsche



Rousseau

Obras principais por materia

- **Problema da Physis:** *Física, Metafísica, de Caelo.*
- **Ética:** *Ética a Nicómaco, Ética a Eudemo.*
- **Política:** *Política.*